

SORRY, BABY

Eva Victor, 2025

1686

ESTREA EN NUMAX: 27.02.2026 | V.O.S.E. | +16 | 103 min

A Agnes pasoulle algo malo. Pero a vida continúa... cando menos para todos ao seu redor. Cando a visita unha querida amiga en vésperas dun momento importante, Agnes empeza a decatarse do estancada que estivo e comeza a traballar en como seguir adiante.

«Escuramente divertido e enormemente tenro. Un gran debut»

Kate Erbland, INDIEWIRE



Un filme suspendido entre dous tempos

Por Carlos Losilla

Unha das sorpresas da Sección Oficial da SEMINCI 2025, polo menos para min, foi *Sorry, Baby*, debut na dirección de Eva Victor. A película fica suspendida entre dous tempos. O primeiro deles é a nosa contemporaneidade, pois estamos ante un filme sobre a condición feminina e sobre a agresión sexual, aínda que tamén sobre moitas outras cousas. O segundo é máis difuso e móvese ao longo e ancho dunha certa historia do cinema estadounidense, aínda que un primeiro epicentro podería situarse no Novo Hollywood dos anos 70. De feito, o filme de Victor empeza cuns créditos sobrios e austeros, cuxo deseño e tipografía, sobre fondo negro, lembran, por exemplo, aos das películas de Woody Allen. E a súa disposición escénica, o modo en que rexeita calquera tipo de costumismo ao uso para centrarse unicamente nuns poucos personaxes e decorados, cunha forte impregnación teatral, non só insiste en retrotraelo a outro momento da representación cinematográfica, senón que o sitúa case no exterior do tempo, coma se desexase intensamente mergullarse nun paradoxo: aínda que un dos seus temas sexa o paso do tempo, *Sorry, Baby* é un filme intemporal.

Aínda por riba, estamos ante unha trama que se desenvolve en catro momentos separados no tempo, sendo o primeiro e o último un incerto presente a partir do cal emerxen os outros dous a modo de pretérito máis ou menos próximo. Non estamos a falar tanto de *flashbacks* como dunha volta atrás empurrada polo trauma, pola ferida, que igualmente divide o tempo entre un antes e un despois, converténdose no baleiro que queda no medio. Ese baleiro, para a protagonista, é unha violación que sufriu cando estaba a terminar a súa tese doutoral, de mans do seu titor, e que pesa no transfondo das imaxes desde que unha das súas compañeiras de entón o cita sinistramente, durante unha cea, anos despois...

Pero estou a contar mal a trama, ou quizais é que estamos ante unha trama que non se pode contar, pois o que importa aquí é o entrecruzamento, a reaparición, mesmo a repetición. E ter en conta o que se inclúe e o que se deixa fóra. O que se representa e o que non se representa, é dicir, o irrepresentable, que para Victor, en varias ocasións, é unha porta pechada, ou o exterior dunha casa no medio da pradeira. Grazas a esa estilización, ademais –a película é de planificación exquisitamente clásica, aínda que tamén consciente de que arremedar ese estilo é imposible–, nin o melodrama esaxerado nin o sentimentalismo desbordado teñen cabida en *Sorry, Baby*, que se converte así nunha fermosa peza de cámara non exenta, con todo, de comicidade e emoción. Crónica dunha aprendizaxe vital, o filme está igualmente convencido de que toda aprendizaxe é unha ilusión, de que cada momento é distinto e á vez parecido: á repetición, hai que engadir a diferenza. E o fragmento final, lonxe de supoñer unha culminación convencional, obriga a regresar ao principio, á orixe de todo, para deixar claro que non hai que encher o baleiro, senón observalo atentamente para saber definilo. *Sorry, Baby* anima a asumir a escuridade como a outra cara da luz, non como o seu oposto.

Publicado en caimanediciones.es